Sant-Iago 16 do mes dos Santos 1950

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Ben sabía como Vde estaba no novo e fermoso posto de adicación e traballo exemprares. Ha deixar na nosa Terra rexa e boa sementeira. Non sei particulares da institución. Si non fora por as moitas anguieiras e os viaxes a Ourense e Trasalba que fago case todas as semáns con ben pouco doadas combinaciós, aproveitaría unha festa pra correr as vinte leguas á Lugo e falar con Vde. Sempre dexexando saber de Vde ben arranxado con casa e fogar ca dona e as filliñas as que mando meus respeitos e miñas lembranzas.

Aquí síntome a gosto, mais dóeme a falla de moitos amigos. Xa non é o doce e forte clima do Galeguismo. Están viventes e agarimosas as pedras, e ben poucos as xentes agás de algús homes sempre os mesmos e xenerosos, o primeiro D. Xesus Carro. A Facultade de Letras semella non pouco prigizosa. Figura estarmos, contodo, ó comenzo de un rexurdimento nos estudos. Tamen me dóe non falar nos cráustros e nas rúas co bon amigo A. Fraguas agora feito un Lugués.

Outro día falareille dos meus traballos, de fixo pra min desmasiado grandes.

Ao seu artigo sobre de min sóio lle debería escribir pra rifarlle por a moita estimación feita de avelauras e nebuleiras en troques de cousas feitas. Figura o xuizo atinar e de pronto brandeare por a amizade. Del Riego fixo unha copia e mandouma. Gardoa como moimento de amizade e respeto a un sobrevivente do tempo das grandes ilusiós. Percorrendo o fermoso escrito maxinóo seu o meu nome, en figura de un escritor..

Sempre seu admirador e amigo

R. Otero Pedrayo

AC
112
1152-3